

2023

2024



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO



BOIMORTO

C.P.I. Armando Cotarelo Valledor





1.- A FINALIDADE DA ACCIÓN NORMALIZADORA. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Todas as galegas e os galegos temos o dereito e tamén a obriga de reivindicar a nosa lingua, afirmala e espallala por todo o noso país, coma un selo máis que nos axude á identificación da nosa personalidade, do noso ser, e mesmo da nosa nacionalidade, tan peculiares e diferenciadores con respecto aos alleos ou aos próximos.

O noso Centro está integrado nunha contorna onde predomina o galego, cunha porcentaxe mínima de inmigrantes. O alumnado chega a nós cunha boa competencia oral na súa lingua e con boa disposición para abondar no seu coñecemento sistemático, que se suma a outras variables lingüísticas da contorna (lingua da Ampa, persoal non docente, novas tecnoloxías, comunicacións e documentación do Centro...).

Dentro do sector educativo, o profesorado ten un papel decisivo, pois del depende que os rapaces e as rapazas que asisten aos centros de ensino se sintan galegos e teñan verdadeira conciencia galega. Daquela, a finalidade da acción dinamizadora é máis específica e debe ir cara ao fomento do uso da lingua coa participación no proceso de todos os membros que integran a comunidade educativa: profesorado, persoal non docente, alumnado e pais e nais. Partindo do coñecemento da realidade lingüística dos membros desta comunidade, debemos:

- Implicar no proceso de dinamización á totalidade do centro e dentro do posible a toda a comunidade educativa.
- Axudar aos integrantes a resolver calquera dúbida relacionada co seu idioma.

Neste camiño irán as distintas actividades que realice e programe o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, que retoma e continúa o labor iniciado e desenvolvido polos anteriores equipos nos cursos pasados.



Debemos lembrar que todas as actividades que se programan no Centro contribúen a mellorar a cultura das persoas que o integran. O galego deberá ocupar un lugar importantísimo no desenvolvemento destas actividades. Por iso o EDLG tentará non só manter e incrementar o uso do galego, senón tamén de todo aquilo que teña relación coa nosa cultura. Ao mesmo tempo, neste curso 2023-2024, como xa viña facendo en cursos anteriores, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega traballará o eixe temático elixido polo Equipo de biblioteca: “**E ti, que pintas?**” e ambos os dous equipos farán moitas actividades conxuntas.

Pretendemos, xa que logo, servir de instrumento de galeguización para superar os comportamentos diglósicos que, aínda hoxe, existen, mais sempre desde o respecto ás demais linguas e culturas.

2.- O CONTEXTO LEGAL

O establecido na Constitución Española (art. 3.3), o preceptuado no Estatuto de Autonomía de Galicia (art. 5.3), o Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o Decreto 7/1999 de 7 de xaneiro polo que se regula o funcionamento dos Centros Públicos Integrados, proporciónanos o marco legal para a Constitución dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega nos centros docentes, para elaborar o Proxecto Lingüístico de Centro, así como para organizar e promover o ensino do galego no sistema educativo.

A asociación “A Mesa pola Normalización Lingüística” interpuxo un recurso contra este último Decreto 79/2010 e segundo se reflicte na Sentenza Nº1286/2012 da Sala do Contencioso Administrativo (Sección 1ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 21 de novembro de 2012, quedan anulados os artigos 5.2 e 12.3 do citado Decreto. O alumnado, polo tanto, deberá empregar en cada materia a lingua utilizada polo profesor/a segundo o reparto establecido a continuación. Non é preceptiva a consulta aos pais/nais antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna.



2.1.- EDUCACIÓN INFANTIL:

Segundo establece o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado.

A lingua materna predominante, no noso caso, é o galego. Procurará o profesorado que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites desta etapa. Como primeira aproximación á lingua inglesa, os discentes teñen unha hora semanal de inglés, distribuídas en dúas clases de media hora.

Lingua materna predominante que se utiliza na aula

Lingua Galega

2.2.- EDUCACIÓN PRIMARIA:

Segundo dita o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario:

As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.

Impartirase en galego a materia de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais.

Impartirase en castelán a materia de Matemáticas.

O resto das materias distribuiranse do seguinte xeito:

CADRO DO REPARTO DE HORAS EN CASTELÁN E GALEGO-PRIMARIA

| MATERIAS | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Lingua galega e Literatura | 4 G | 4 G | 4 G | 4 G | 4 G | 4 G |
| Lingua castelá e Literatura | 4 C | 4 C | 4 C | 4 C | 4 C | 4 C |
| Matemáticas | 5 C | 5 C | 4 C | 4 C | 4 C | 4 C |
| Ciencias Sociais | 2 G | 3 G | 2 G | 3 G | 2 G | 2 G |
| Ciencias Naturais | 3 G | 2 G | 3 G | 2 G | 3 G | 2 G |
| Lingua Estranxeira | 2 I | 2 I | 3 I | 3 I | 3 I | 3 I |
| Educación Plástica | 1 G | 1 G | 1 C | 1 C | 1 G | 1 G |
| Educación Musical | 1G | 1G | 1G | 1G | 1G | 1G |
| Educación Física | 2 C | 2 C | 2 C | 2 C | 2 C | 2 C |



| | | | | | | |
|-------------------------------------|----------------|-------------|----------------|-------------|----------------|----------------|
| Proxecto Competencial / Relixión | 1 G | 1 G | 1 G | 1 G | 1 G | 1 G |
| EVCE | | | | | | 1 G |
| TOTAIS | 12G/11C | 12G/ | 11G/11C | 11G/ | 11G/10C | 12G/10C |

*Adoptamos o G para o galego, o C para o castelán, o I para o inglés.
Os/as alumnos/as deberán coñecer en igualdade o galego e o castelán, nos niveis orais e escritos, ao remate da etapa educativa.

2.3.- ESO (Educación Secundaria Obligatoria):

Segundo dita o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario:

As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.

Impartirase en galego as materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía.

Impartiranse en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química.

No seguinte cadro aparecen as materias dos currículos.

CADRO DO REPARTO DE HORAS EN CASTELÁN E GALEGO-SECUNDARIA

| MATERIAS | 1º | 2º | 3º | 4º |
|--|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Lingua galega e Literatura | 3 G | 3 G | 3 G | 3 G |
| Lingua castelá e Literatura | 3 C | 3 C | 3 C | 3 C |
| Matemáticas | 4 C | 5 C | 4 C | 4 C |
| Xeografía e Historia | 3 G | 3 G | 3 G | 3 G |
| Bioloxía e Xeoloxía | 3 G | | 2 G | 3 G |
| Física e Química | | 3 C | 2 C | 3 C |
| Primeira Lingua Estranxeira | 3 I | 3 I | 3 I | 3 I |
| Educación Física | 2 C | 2 G | 2 C | 2 C |
| Proxecto Competencial / Relixión / Valores Éticos | 1 G | 1 G | 1 G | 1 G |
| Educación Plástica | 2 G | | 2 G | |
| Segunda Lingua Estranxeira | 2 F | 2 F | 2 F | |



| | | | | |
|------------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| Música | | 2 G | 2 G | 3 C |
| Tecnoloxía / Dixitalización | 3 C | 3 C | | 3 C |
| Educación Dixital / Oratoria | | | 3 C | |
| Titoría | 1 G | 1 G | 1 G | 1 G |
| Economía | | | | 3 G |
| FOPP | | | | 3 G |
| Educación en valores | | | 1 G | |
| TOTAIS | 13G/12C | 12G/14C | 15G/14C | 17G/18C |

*Adoptamos o G para o galego, o C para o castelán, o I para o inglés e o F para o francés.

Os/as alumnos/as deberán coñecer en igualdade o galego e o castelán, nos niveis orais e escritos, ao remate das etapas educativas.

3.- O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do C.P.I. Armando Cotarelo Valledor de Boimorto varía en relación ao curso pasado, mais isto non será impedimento para continuar o labor dos anos anteriores xa que repiten moitos dos seus membros.

No curso 2023-2024 o Equipo está integrado por:

Coordinadora: María Belén López Gómez (Profesora de Lingua galega e Literatura).

Profesorado:

Vilariño Pérez, María Rosario (Lingua castelá e Literatura – ESO)

Cancela Montes, Beatriz (Música - EP)

Persoal non docente:

Manuel Lorenzo Casas (Corpo Administrativo).

As reunións do EDLG realizaranse todos os martes de 13.20 a 14.10. A reunión terá lugar entre a coordinadora e os membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega que nesa hora se atopan dispoñibles. Por incompatibilidades no horario non é posible que participen todas as integrantes. Tamén o correo



electrónico e o Whatsapp sistemas empregados polos membros do Equipo para intercambiar información e estar ao corrente do falado e acordado nas reunións.

Alumnado:

Participa todo o alumnado do centro nas actividades que se levan a cabo.

4.- FUNCÍONS DO EQUIPO

O Equipo e os seus colaboradores deberán ter unha función, ao noso entender, eminentemente didáctica e a misión debe ser a de planificar, organizar, estimular, colaborar e coordinar aquelas accións ou actividades que teñan que ver co cometido para o que está constituído. O seguimento do Plan Lingüístico tamén será unha das tarefas prioritarias, tendo en conta que a súa avaliación corresponde ao Consello Escolar.

5.- O PLANO: DESTINATARIOS

O Equipo presenta unha programación que cre coherente e non excesivamente idealista ou imposible de realizar. Os destinatarios son a totalidade dos membros que integran os distintos colectivos que forman o centro: profesorado, alumnado e persoal non docente. Tamén tentaremos que a nosa actividade se estenda ao ámbito da nosa comunidade educativa.

6.- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA DA CONTORNA

Existe un criterio científico que se basea en que os cidadáns e as cidadás que habitan un territorio falan e se relacionan case exclusivamente nunha lingua de maneira espontánea. Esa é a lingua propia dese territorio. No caso da comunidade escolar do noso centro, a lingua maioritaria é o galego. Esta é a realidade lingüística da área territorial que nutre de alumnado este colexio.



6.1.- CENTRO ESCOLAR. A CONTORNA

O Centro sitúase no concello de Boimorto, na vila que leva o mesmo nome, e a el acoden alumnos e alumnas do seu ámbito territorial e dos concellos limítrofes de Vilasantar e Sobrado (no caso destes dous concellos só asisten alumnos e alumnas de ESO). Toda esta contorna é galegofalante.

6.2.- O ALUMNADO

Contribúe ao Plan de xeito natural usando a nosa lingua en todos os ámbitos. Fala e exprésase en galego a case totalidade do alumnado agás casos illados de alumnos e alumnas que proceden doutros países ou doutros lugares do Estado, algún ou algunha que regresa da capital de provincia, ou os/as que proceden de familias que usan o castelán para afirmar unha condición social preeminente.

6.3.- O PROFESORADO

A meirande parte do profesorado utiliza o galego nas clases, agás naquelas materias nas que a Lei prescribe o emprego da lingua castelá. A fala maioritaria de relación entre o profesorado é tamén o idioma propio de Galicia.

6.4.- PERSOAL NON DOCENTE

O Persoal encargado da Administración e os traballadores e as traballadoras que se ocupan da limpeza, cociñas, conserxería, etc. exprésanse con normalidade en galego.

6.5.- PAIS E NAIS

Na súa maioría naceron e viven no rural e usan o galego como lingua habitual. Será prioritario para este Equipo loitar por dotar de prestixio a nosa



lingua como lingua de relación e tamén de cultura. Isto é: facer do galego a primeira lingua na categoría diglósica.

6.6.-CONCELLO

No que atinxe ao concello de Boimorto, e tamén ao de Sobrado e Vilasantar, nos escritos oficiais e na atención ao público a lingua usada é o galego.

7.- OBXECTIVOS

De todo canto dixemos no apartado 6 dedúcese que a lingua normal deste colexio e da comunidade educativa é o galego. Xa que logo, o obxectivo primordial deste equipo será manter o nivel acadado e incidir na autoestima e na actitude positiva de cara á lingua, que é onde está a nosa febleza.

7.1.- OBXECTIVOS XERAIS

- Afirmar a lingua galega como propia de Galicia comprendendo as circunstancias que condicionan a súa evolución e dentro do respecto a outros cidadáns e cidadás que, por diversas circunstancias, falan a segunda lingua oficial da comunidade Autónoma.
- Desenvolver os hábitos e técnicas para que, a través da implicación afectiva, se chegue a un compromiso positivo coa nosa lingua e coa nosa cultura.
- Implicar os distintos membros do centro no Proxecto Lingüístico.
- Fomentar o uso da lingua galega na escrita e incentivar a lectura na nosa lingua.
- Salientar a lingua galega como elemento singularizador, signo da nosa cultura e identidade.
- Sensibilizar o profesorado e o alumnado para o emprego do galego en diferentes ámbitos, facendo fincapé en que o mantemento do uso nos mesmos enriquece e normaliza a lingua. Así mesmo, as



variantes dialectais da zona deben seren coñecidas, valoradas e respectadas como un sinal de identificación do galego da contorna máis próxima. O choque entre lingua culta e lingua vulgar, a miúdo asociada ás variedades dialectais, provoca que a balanza se incline cara a un autoodio á propia lingua da zona e ao idioma en xeral. Consideramos que é unha boa práctica traballar polo respecto ás variedades dialectais por consideralas enriquecedoras.

- Promover a autoestima lingüística nas familias, para que se valoren como elemento fundamental na transmisión interxeracional do idioma e na aprendizaxe dos nenos e das nenas.
- Conseguir que, desde o tratamento dado no centro escolar por medio dos rapaces e das rapazas, a curto e longo prazo, o galego pase a ser a lingua A na situación diglósica.

7.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- a) Facilitar o diálogo aberto que favoreza o achegamento á nosa lingua.
- b) Orientar e guiar a todo o colectivo no referente á lingua e cultura galegas.
- c) Atender e desenvolver actividades e actitudes que propicien a boa aceptación e utilización da nosa lingua.
- d) Sensibilizar o profesorado, o persoal non docente e os pais e nais na normalidade do uso da lingua en todos os aspectos comunicativos.
- e) Manter o uso do galego en todas as actividades docentes e administrativas do Centro.
- f) Favorecer o coñecemento da cultura, da literatura, da música e da cultura popular propias desta zona para que os alumnos e as alumnas aprendan a valoralas.
- g) Levar adiante accións tendentes a mellorar a competencia lingüística no noso idioma en todo o Centro.



- h) Darlle pulo á utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos, utilización de recursos que ofrece internet, etc.
- i) Aproveitar as interferencias lingüísticas para facer reflexión sobre as linguas.
- j) Asegurar o uso do galego nas actividades que non son estritamente escolares.
- k) Consolidar a competencia plena en galego, a práctica oral e o uso da nosa lingua en todos os ámbitos.
- l) Fomentar actitudes positivas cara ao uso do galego sobre todo en alumnos e alumnas castelanfalantes.

8.- MEDIDAS E RECURSOS

8.1.- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO

O método que se usará no desenvolvemento deste Plan non será un instrumento ríxido, xa que na dinámica da súa aplicación poderá ser revisado de acordo coa marcha do mesmo. O método consistirá na implicación e participación de todo o Centro (Infantil, Primaria e Secundaria) nas actividades previstas para acadar os obxectivos propostos. Para isto, o Equipo atenderá ao seguinte:

- a) Colaboración cos distintos departamentos nas actividades que así o requiran.
- b) Colaboración estreita co **Equipo de Biblioteca** para realizar moitas actividades conxuntas.
- c) Colaboración e coordinación dos aspectos lingüísticos nas actividades programadas polo Centro.
- d) Programación de actividades relativas á lingua e á cultura galegas.



Algunhas das medidas a implementar irán encamiñadas a favorecer un correcto uso lingüístico, como son:

- a) Facilitar a axuda informativa a todos os que, en materia de lingua galega e tamén de cultura galega, o requiran.
- b) Constitución dun órgano de asesoramento lingüístico interno que sirva para solucionar posibles dúbidas que sobre a lingua galega se lle presenten á Comunidade Educativa.

8.2.- MEDIDAS PARA MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO

Non podemos esquecer a aquel alumnado que, ben por proceder doutras zonas do Estado ou ben por ser de orixe estranxeira, amose dificultades na comprensión da lingua e, polo tanto, no proceso educativo. Con este alumnado procederáse a levar a cabo unha atención máis individualizada, co apoio do Departamento de Orientación cando sexa preciso, que favoreza a adquisición dunha axeitada competencia lingüística.

8.3.- RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS

Tendo en conta os escasos recursos de que dispoñemos nun CPI situado nunha vila, o elemento humano será fundamental para levar a cabo as nosas propostas. Neste sentido, contamos coa colaboración do profesorado, do alumnado e do persoal non docente, así como coa nova figura do coordinador dos EDLG como apoio externo.

Contamos tamén con todas aquelas actividades que se realizan no Centro e ás veces coa axuda do Concello:

- a) Traballo dos distintos departamentos.
- b) Colaboración co Equipo de Biblioteca.
- c) Compra de material: libros, vídeos, mapas e outros, segundo os recursos económicos dispoñibles.



- d) Invitados que realizan contancontos, monólogos, outras exposicións temáticas en galego e charlas de autores e autoras galegos sobre as súas obras.
- e) Visitas extraescolares relativas a temas propios da nosa cultura.

9.- ACTIVIDADES

Neste apartado detállanse actividades que está previsto que se desenvolvan ao longo do curso 2023-2024. Non obstante, pode imposibilitarse a súa realización nun momento dado ou poden ser modificadas en función das circunstancias e necesidades.

9.1. Celebración de festas de tradición galega e outras

🇳🇵 O DÍA DAS BIBLIOTECAS

TEMPORALIZACIÓN: Finais de outubro.

PERMANENCIA: En función do calendario escolar.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Fomentar o uso da biblioteca escolar e a lectura.

ACTIVIDADES:

- ✓ Xornada de portas abertas para que as familias coñezan e se familiaricen coa biblioteca.

🇳🇵 O SAMAÍN

TEMPORALIZACIÓN: Finais de outubro e primeira quincena de novembro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% do profesorado e do alumnado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Coñecer o significado do Samaín na cultura popular e a maneira de celebralo nas vilas próximas.



ACTIVIDADES:

- ✓ Pintamos con palabras o Samaín? Descrición do Samaín a través dos sentidos.
- ✓ Elaboración de manualidades nun obradoiro.
- ✓ Selección de literatura e de filmes relativos á temática do Samaín e exposición na biblioteca.

O DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

TEMPORALIZACIÓN: Finais de novembro.

PERMANENCIA: En función do calendario escolar.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Fomentar actitudes de repulsa contra a violencia de xénero a través de mensaxes de rexeitamento e da revisión dos estereotipos machistas nos contos tradicionais.

ACTIVIDADES:

- ✓ Decálogo contra a violencia: cada clase de ESO elaborará o seu propio decálogo contra a violencia.
- ✓ Elaboración e exposición dun mural do 25 N con mensaxes de rexeitamento contra a violencia de xénero, letras de cancións con mensaxes discriminatorias e noticias ou publicidade sexistas que axuden á concienciación colectiva sobre o grave problema social que constitúe.

O NADAL

TEMPORALIZACIÓN: Mes de decembro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% da comunidade educativa, agás nalgunhas actividades, por motivos de aforo.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Conseguir que o galego estea presente nestas datas tan sinaladas a través dos escritos e das panxoliñas.



Posibilitar a integración lingüística e cultural do alumnado estranxeiro, en base ao coñecemento das nosas tradicións.

ACTIVIDADES:

- ✓ Decoración do centro.
- ✓ Elaboración dun díptico, en colaboración co Equipo da Biblioteca, con lecturas recomendadas clasificadas por idades.
- ✓ Intercambio de postais de Nadal entre o alumnado de ESO e Amarai.

✚ O DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ

TEMPORALIZACIÓN: Finais de xaneiro e principios de febreiro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Fomentar actitudes de condena da guerra, da violencia, do racismo, da xenofobia e da homofobia a través de mensaxes escritas.

ACTIVIDADES:

- ✓ Traballo nas aulas con unidades didácticas sobre a paz e a non violencia, con incidencia no rexeitamento ao racismo, a xenofobia e a homofobia.
- ✓ Coloquio cunha xornalista sobre os conflitos actuais que ameazan a paz.
- ✓ Realizar algún acto simbólico para conmemorar esta efeméride.
- ✓ Proxección de curtametraxes e vídeos nos distintos grupos que inviten á reflexión sobre o grave problema social que constitúe a violencia e os rexeitamento da diversidade.

✚ O DÍA DA ILUSTRACIÓN

TEMPORALIZACIÓN: Finais de xaneiro.

PERMANENCIA: En función do calendario escolar.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.



OBXECTIVO NORMALIZADOR: Coñecer ilustradores galegos, especialmente aqueles que son parte da contorna.

ACTIVIDADES:

- ✓ Coñecemos a arte urbana: o alumnado coñecerá a arte urbana espallada por Galicia coa visita dalgún punto estratéxico que o achegue a esta tendencia.

A CANDELORIA E O DÍA DOS NAMORADOS

TEMPORALIZACIÓN: Principios de febreiro.

PERMANENCIA: Realízase segundo o calendario escolar.

DESTINATARIOS: O 100% da comunidade educativa.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Facer o alumnado coñecedor da festividade da Candeloria como data en que se celebra o amor na cultura popular galega, máis alá do tan coñecido San Valentín.

ACTIVIDADES:

- ✓ Cartas para non namorados: o alumnado redactará cartas dedicadas a paisaxes, obxectos, animais... que teñen un significado especial.

O DÍA INTERNACIONAL DA LINGUA MATERNA

TEMPORALIZACIÓN: Finais de febreiro.

PERMANENCIA: En función do calendario escolar.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Promover a diversidade lingüística e cultural e o multilingüismo. Asemade, valorar as linguas como parte fundamental das diferentes culturas e como signos de identidade.

ACTIVIDADES:

- ✓ Contacontos multilingüe: aproveitando a diversidade lingüística do alumnado, organizaranse sesións de contacontos en varias linguas.

O ENTROIDO



TEMPORALIZACIÓN: Finais de febreiro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% da comunidade educativa.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Achegarlle ao alumnado unha tradición moi arraigada na nosa cultura dende hai moitos anos. Manter os costumes da celebración do Entroido na nosa zona. Coñecer os costumes doutras vilas como Verín ou Xinzo de Limia, onde o Entroido é moi popular.

ACTIVIDADES:

- ✓ Colocación, unha semana antes da celebración do festival de Entroido, do “burro” na entrada do colexio (elemento que forma parte da tradición do Entroido nesta zona).
- ✓ Elaboración de consignas diarias (ordes) por parte do alumnado de 4º de ESO que animen e organicen os disfraces de cada día. Estes mandados do Meco colocaranse ao final de cada xornada, e durante a semana previa ao festival de Entroido, na albarda do burro.
- ✓ Disfraces arredor da temática escollida pola Biblioteca: “E ti, que pintas?”.

O DÍA DE ROSALÍA

TEMPORALIZACIÓN: Finais de febreiro.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: homenaxear e dar a coñecer entre o alumnado e o profesorado a figura de Rosalía de Castro, unha das máis sobranceiras da literatura galega.

ACTIVIDADES:

- ✓ Rosalía reparte poemas e flores: unha alumna disfrazada de Rosalía reparte poemas e flores nos recreos.

O DÍA MUNDIAL DA POESÍA



TEMPORALIZACIÓN: Finais de marzo.

PERMANENCIA: En función do calendario escolar.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Coñecer e valorar a poesía como manifestación artística dentro do noso patrimonio cultural. Tamén fomentar a sensibilidade e o interese artístico do alumnado.

ACTIVIDADES:

- ✓ Ilustrapoesía ou fotopoesía: o alumnado ilustrará un poema da súa elección ou acompañarao dunha fotografía ligada ao seu contido.

O DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

TEMPORALIZACIÓN: Mes de marzo.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Valorar e normalizar o papel da muller na sociedade. Rexeitar actitudes de violencia contra a poboación feminina. Pór en coñecemento da poboación escolar vivencias do sector feminino noutras culturas.

ACTIVIDADES:

- ✓ Coloquio coas mulleres da contorna.
- ✓ Realizar algunha actividade para coñecer o papel da muller noutras culturas.
- ✓ Puzzles de mulleres pioneiras.
- ✓ escoitar música reivindicativa que faga referencia á temática a tratar.
- ✓ Divulgar lecturas nas que a muller teña un papel protagonista.
- ✓ Proxectar vídeos e presentacións para reflexionar sobre a igualdade.

O DÍA DO TEATRO

TEMPORALIZACIÓN: Finais de marzo.

PERMANENCIA: En función do calendario escolar.



DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Coñecer e valorar o teatro como manifestación artística dentro do noso patrimonio cultural. Tamén fomentar a sensibilidade e o interese artístico do alumnado.

ACTIVIDADES:

- ✓ Visionado de obras teatrais nas aulas.

O DÍA DO LIBRO

TEMPORALIZACIÓN: Mes de abril.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Valorar a achega cultural da acción de ler. Identificar as bibliotecas como fonte de información. Espertar inquedanza e gusto pola lectura.

ACTIVIDADES:

- ✓ Obradoiro de marcapáxinas personalizados: selección de autores destacados da literatura galega e castelá para elaborar marcapáxinas personalizados empregando os seus rostros.
- ✓ Visita ao centro da responsable da libraría AENEA para presentar novidades.
- ✓ Publicitar libros interesantes adaptados aos diferentes niveis co fin de que o alumnado se anime a levalos para a casa.
- ✓ A biblio sae á rúa!: sacamos a biblioteca á rúa para darlle visibilidade a todo o material, especialmente ás novidades.

O DÍA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR

TEMPORALIZACIÓN: Comezos de maio.

PERMANENCIA: Realízase segundo o calendario escolar.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.



OBXECTIVO NORMALIZADOR: Concienciar o alumnado sobre a necesidade de loitar contra o acoso escolar como un problema social grave, coa prevención como clave.

ACTIVIDADES:

- ✓ Non é un xogo. Actúa: colocación de vinilos con mensaxes contra o acoso escolar en zonas visibles dos baños do centro.

O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

TEMPORALIZACIÓN: Mes de maio.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Coñecer autores e autoras ilustres de Galicia e reflexionar sobre a súa repercusión na cultura e na historia galegas.

ACTIVIDADES:

- ✓ Recollida de información sobre o autor homenaxeado no ano 2024, en soporte papel ou dixital: Luísa Villalta.
- ✓ Traballos sobre a autora homenaxeada e estudo da súa obra.
- ✓ Traballos na clase con unidades didácticas sobre o tema.
- ✓ Visita dun contacontos, autor, ilustrador, monologuista ou colectivo, aínda por determinar, para celebrar as nosas letras con actividades lúdicas para o alumnado.

O DÍA MUNDIAL DO MEDIO NATURAL

TEMPORALIZACIÓN: Comezos de xuño.

PERMANENCIA: En función do calendario escolar.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Concienciar o alumnado sobre a necesidade de coidar o medio natural e de loitar contra o cambio climático como un problema mundial grave.

ACTIVIDADES:



- ✓ Elaboramos xoguetes con material de refugallo: concurso de xoguetes feitos polo alumnado con material de refugallo.

9.2. Publicacións e outras actividades

FOLLETOS INFORMATIVOS

TEMPORALIZACIÓN: ao longo do curso, coincidindo coa celebración de festas tradicionais ou efemérides.

PERMANENCIA: Curso 2023-24.

DESTINATARIOS: Alumnado de todo o centro e familias.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Achegar e crear textos de carácter informativo ou expositivo relacionados coas novidades da biblioteca ou recomendacións literarias.

9.3. Xogos populares

TEMPORALIZACIÓN: mes de maio.

PERMANENCIA: Curso 2023-24.

DESTINATARIOS: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Potenciar de xeito lúdico algúns dos xogos tradicionais galegos e os materiais que se deben utilizar en cada caso para a súa práctica.

ACTIVIDADES:

- ✓ Organización de xornadas de xogos populares: zancos, birlos, corda, petanca, carreira de sacos... Establécese unha quenda rotatoria polos xogos que serían atendidos polo profesorado.
- ✓ Posibilidade de facer un obradoiro para a elaboración de xogos populares artesanais por parte do alumnado (xogo da ra, birlos...).

9.4. A biblioteca

TEMPORALIZACIÓN: Durante todo o curso.



PERMANENCIA: Curso 2023-24.

PARTICIPACIÓN: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Servir de instrumento normalizador e dinamizador da lingua e da cultura galegas.

Dende sempre a biblioteca escolar formou parte da formación dos nosos alumnos e alumnas. Considerámola como un espazo educativo necesario para fomentar a competencia dos nosos alumnos no uso da lingua galega.

A biblioteca do noso centro ten a disposición das familias, do alumnado, e do profesorado diverso material bibliográfico, cartográfico e audiovisual importante para fomentar o uso da lingua galega. A dinamización atinxe todas as actividades que se implementan nela, como a promoción da lectura en galego e de autores e autoras de Galicia, as consultas na rede, os contacontos e outras actividades que fomentan na rapazada o gusto por ler.

Continuando co labor realizado o curso pasado, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega vai traballar un ano máis co Equipo de Biblioteca para levar adiante o proxecto escollido para este curso. A nosa achega a este proxecto será:

- ✓ Elección de lecturas relacionadas coa temática, seleccionadas por idades, para dar a coñecer a biblioteca a todo o alumnado do centro.
- ✓ Escolma de filmes, en galego, que garden relación co proxecto deste curso.
- ✓ Folletos informativos para implicar o alumnado e as familias nos distintos traballos que se vaian acometendo ao longo do curso.
- ✓ Preparación de contacontos ou monólogos a cargo de persoas coñecidas aínda por determinar.
- ✓ Preparación de coloquios sobre libros de escritores ou escritoras de actualidade por determinar.



9.5. As TICS

TEMPORALIZACIÓN: Durante todo o curso.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

PARTICIPACIÓN: O 100% do alumnado e do profesorado.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Empregar as TICS como outro recurso innovador na formación e o uso do galego cos nenos e as nenas.

Na etapa de Educación Infantil estase a levar a cabo un taller de ordenador, con diferentes programas que serven como un instrumento de xogo e de aprendizaxe. Os nenos e as nenas familiarízanse e descubren algún dos usos deste recurso en galego a través do ordenador.

A aula de informática conta con 25 ordenadores e é usada diariamente por parte de todos os cursos de Primaria e de ESO. Temos, ademais, 2 ordenadores e 2 tabletas á disposición do alumnado na biblioteca.

ACTIVIDADES:

- ✓ Presentación da temática a traballar este curso aproveitando para lembrar as normas de funcionamento da biblioteca.
- ✓ Formación de usuarios da biblioteca.
- ✓ Presentación para coñecer a orixe do Samaín.

9.6. Participación en actividades ofertadas polo concello e outras entidades.

TEMPORALIZACIÓN: Durante todo o curso.

PERMANENCIA: Realízase todos os anos.

PARTICIPACIÓN: Profesorado e alumnado do centro.

OBXECTIVO NORMALIZADOR: Participar en actividades lúdicas que fomenten entre o alumnado o uso do galego.

ACTIVIDADES:

- ✓ Organización de: visitas didácticas en liña, certames ou concursos de diversa índole, coloquios pedagóxicos, etc.



9.7. Cadro-Resumo das actividades propostas:

| Temporalización | Título da actividade | Responsables (ademais do EDLG) | Destinatarios |
|-----------------|--|--|----------------------|
| 1º trimestre | <i>Día das Bibliotecas</i> Xornada de portas abertas. | Ciclos, Biblioteca e Dpto. de actividades extraescolares. e complementarias. | Comunidade educativa |
| 1º trimestre | <i>Samain</i> Pintamos con palabras o Samain? Obradoiros de manualidades. | Ciclos, Biblioteca e Dpto. de actividades extraescolares. e complementarias. | Comunidade educativa |
| 1º trimestre | <i>Día internacional contra a violencia de xénero</i> Decálogo contra a violencia. Mural 25N. | Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias | Comunidade educativa |
| 1º trimestre | <i>Nadal</i> Díptico con lecturas recomendadas. Obradoiros de manualidades. Intercambio de postais con Amarai. | Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias | Comunidade educativa |
| 2º trimestre | <i>Día escolar da non violencia e da paz</i> Coloquio cunha xornalista. | Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias | Comunidade educativa |
| 2º trimestre | <i>Día da Ilustración</i> Coñecemos a arte urbana. | Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias | Comunidade educativa |
| 2º trimestre | <i>Candeloria e Día dos namorados</i> Cartas para non namorados. | Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias | Comunidade educativa |
| 2º trimestre | <i>Día internacional da lingua materna</i> Contacontos multilingüe. | Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias | Comunidade educativa |
| 2º trimestre | <i>Día de Rosalía</i> Rosalía reparte flores e poemas. | Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias | Comunidade educativa |
| 2º trimestre | <i>Entroido</i> Disfraces relacionados coa temática: E ti, que pintas? Mandados do Meco polo alumnado de 4º de ESO. | Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias | Comunidade educativa |
| | <i>Día mundial da poesía</i> Fotopoesía ou ilustrapoesía. | Dpto de Lingua galega e Literatura, Biblioteca e Dpto. de | Comunidade educativa |



| | | | |
|---------------------|---|--|------------------------|
| 2º trimestre | | actividades. extraescolares e complementarias. | |
| 2º trimestre | <i>Día internacional da muller</i> Actividades para conmemorar esta efeméride. Coloquio coas mulleres da contorna. Puzzles mulleres pioneiras. | Dpto de Lingua galega e Literatura, Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias. | Comunidade educativa |
| 2º trimestre | <i>Día do teatro</i> Visionado de obras teatrais. | | |
| 3º trimestre | <i>Día do libro</i> Obradoiro marcapáxinas personalizados. Visita AENEA. Actividades para conmemorar esta efeméride. Recomendacións de lecturas adaptadas a cada nivel. A biblio sae á rúa! | Dpto de Lingua galega e Literatura, Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias. | Comunidade educativa |
| 3º trimestre | <i>Día internacional contra o acoso escolar</i> Non é un xogo. Actúa. | Dpto de Lingua galega e Literatura, Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias. | Comunidade educativa |
| 3º trimestre | <i>Letras Galegas</i> Unidades didácticas. Visita dun contacontos, autor ou ilustrador. Recreación da obra gráfica de Castelao. | Dpto de Lingua galega e Literatura, Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias. | Comunidade educativa |
| 3º trimestre | <i>Día mundial do medio natural</i> Fabricamos xoguets con material de refugallo. | Dpto de Lingua galega e Literatura, Biblioteca e Dpto. de actividades. extraescolares e complementarias. | Comunidade educativa |
| Todo o curso | <i>Biblioteca galega.</i> "Libro Dixital Comunitario". "A hora de ler en Internet" (revistas, xornais, material audiovisual...) | Biblioteca. | Comunidade educativa |
| Todo o curso | As TICS Procura de información. na rede; bitácora... | Biblioteca. | Comunidade educativa |
| Todo o curso | <i>Participación en actividades. do Concello</i> Concursos, coloquios pedagóxicos, visitas e actividades didácticas... | Biblioteca | Alumnado e profesorado |



| | | | |
|---------------------|---|---|----------------------|
| Todo o curso | <i>Actividades vinculadas ao proxecto da biblioteca: “E ti, que pintas?”.</i> | Biblioteca, profesorado e alumnado do centro. | Comunidade educativa |
|---------------------|---|---|----------------------|

11.- AVALIACIÓN

- As reunións periódicas do EDLG servirán para ir cuantificando os resultados provisionais e discutindo posibles cambios se non se dan acadado os obxectivos propostos.
- Valoraranse especialmente todas aquelas iniciativas tendentes a completar os obxectivos propostos.
- Segundo a lexislación vixente, corresponde ao Consello Escolar a avaliación do Plan Lingüístico.

Boimorto, 13 de novembro de 2023

Asdo.: M^a Belén López Gómez